Descripción do percorrido:

Comezamos o percorrido perto da capeliña da Nosa Sra. Da Saúde en ARDAY. Por un bo camiño abondoso en piñeiros, carballos e ás veces en eucalitos afrontamos os dous únicos repechós de hoxe. Dúas costas empinadas dabondo que axudaránnos a quecer as pernas e entrar folgadamente en calor.

Chegados ao cumio poderemos desfrutar, se a néboa non o impide, dunhas abraiantes vistas da Terra Chá e de Lugo capital.

A partires daiquí o resto da andaina de hoxe é maiormente cara abaixo ata chegar ao Miño e xa logo, ata o remate, o camiño é totalmente chan xa que vai ao carón do rio ata Sta. Isabel.

Antes de achegarnos ao rio acadaremos o bonito lugar de Riazón coa sua capeliña de San Roque vinculada á antiga casa señorial dos Marqueses de Ombreiro, da que se conservan os restos da antiga torre de fins do século XVII.

Rematamos a camiñada na área recreativa de Santa Isabel, ao pe da capela da Santa.

Xa no bus, achegarémonos ata Gaioso, a beira do rio Ladra, pra compartir un cocido e recuperar as forzas.

David compartirá connosco unha escolma de imaxes acadadas nas andainas deste ano.

MIDE — ADAI - SANTA ISABEL (RIBERA DEL MIÑO)

horario	4h 25'	1	severidad del medio natural
desnivel de subida	300 m	2	orientacion en el itinerario
desnivel de bajada	367 m	2	dificultad en el desplazamiento
distancia horizontal	15,1 Km	3	cantidad de esfuerzo necesario
tipo de recorrido	Travesía		

Condiciones de todo el año, tiempos estimados según criterio MIDE, sin paradas.

Calculado sobre datos de 2019.

Teléfono Servicio asistencia 902136524 (Mapfre)

PROXIMAS ACTIVIDADES 2020

- ✓ ENERO 26 : Pena de Rodas LU
- ✓ FEBRERO 16 : Boveda de Mera -Vilar de Donas LU
- ✓ MARZO 8 : Fuciño do Porco e arredores
- ✓ MARZO 29 : Ollando as Illas Gabeiras

Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org

SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA

15 de DICIEMBRE de 2019

POR A BISBARRA DO LUGO: ADAI - SANTA ISABEL

15,1 kms.